

X CONCURSO “IGNACIO LÓPEZ BUENO” DE PRESENTACIÓNS INFORMÁTICAS E AUDIOVISUAIS

A Dirección do I.E.S.”TERRA DE TRASANCOS” quere convidalos a participar na X Edición do Concurso de presentacións informáticas e audiovisuais “Ignacio López Bueno”. Dado que as Nacións Unidas proclamaron o 2017 como “ANO INTERNACIONAL DO TURISMO SUSTENTABLE PARA O DESENVOLVEMENTO”, este é o tema escollido para o noso concurso.

Os nosos obxectivos son: acadar unha maior conciencia da riqueza natural e do patrimonio das distintas civilizacións e no entorno, respectar os valores inherentes ás distintas culturas que permitan fortalecer a paz no mundo, recoñecer a importancia da sustentabilidade nos planos económico, social e do medio ambiente.

Por todo isto, animámoslos a participar na presente edición do concurso e rogámoslles transmitan esta información a tódolos departamentos didácticos.

BASES DO CONCURSO:

PARTICIPANTES:

O concurso vai dirixido aos alumnos e alumnas de educación secundaria **ESO, BACHARELATO e CICLOS** que estean matriculados no presente curso en centros de **GALICIA**.

Cada un dos participantes deberá acompañar o seu traballo dun certificado de matrícula nalgún dos centros da nosa Comunidade Autónoma.

TRABALLO:

Consistirá nunha presentación informática ou audiovisual, que levará como título:

“TURISMO SUSTENTABLE NO NOSO ENTORNO”

VALORACIÓN DO TRABALLO:

Para a valoración do traballo terase en conta:

- O rigor científico.
- O tratamento medioambiental do tema.
- A orixinalidade da presentación e dos contidos.
- Rigor nos aspectos tecnolóxicos e plásticos.

ENTREGA DO TRABALLO:

- Na Secretaría do centro IES “TERRA DE TRASANCOS” en formato CD ou DVD
- Por correo ordinario en formato CD ou DVD
- Por correo electrónico, poñendo como asunto: **X Concurso de presentacións informáticas “Ignacio López Bueno”**

- Terá que constar o nome do alumno, o curso, o centro no que está matriculado, o nome do profesor encargado e os seus datos de contacto.

ENDEREZOS:

IES "TERRA DE TRASANCOS", CAMIÑO REAL s/n C.P. : 15 570 NARÓN.

ies.terra.trasancos@edu.xunta.es

DATAS DE PRESENTACIÓN:

Os traballos terán como data límite para a súa presentación o día **18 de abril do 2017**.

PREMIOS:

1 premio para alumnos de ESO dotado con DIPLOMA e un vale de 120 euros canxeable por material didáctico e/ou escolar.

1 premio para alumnos de Bacharelato e Ciclos dotado con DIPLOMA e un vale de 120 euros canxeable por material didáctico e/ou escolar.

ENTREGA DE PREMIOS:

O fallo do concurso darase a coñecer o día **26 de abril do 2017** e será publicado no taboleiro do centro e na páxina web: www.trasancos.net . A entrega dos premios correspondentes realizarase nun acto que se levará a cabo no Salón de Actos do centro o día **28 de abril do 2017 ás 12.10 da mañá**.

XURADO:

Estará constituído polos seguintes membros:

O director do centro, a Xefa do Departamento de Bioloxía e Xeoloxía, unha profesora do Departamento de Tecnoloxía e o Xefe do Departamento de Economía.

O fallo será inapelable, podendo quedar deserto algún dos premios se o xurado así o considera.

Os traballos presentados non se devolverán e poderán ser publicados en formato dixital e/ou impreso con fins didácticos.

Narón, a 6 de febreiro de 2017.



Asdo: Cristóbal LLano Alonso

Director